



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do Convenio de colaboración para a incorporación do Consello Consultivo de Galicia ao contrato centralizado para o servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos da xunta de galicia*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 24 de maio de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA PARA A INCORPORACIÓN DESTE AO CONTRATO CENTRALIZADO PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DA XUNTA DE GALICIA.

1.- Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de contratación centralizada. O Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 aprobou o catálogo de medios e prestacións que serán susceptibles de contratación centralizada.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a contratación para o servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

2.- **Antecedentes:** O artigo 20.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.

O artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, establece que as entidades locais, universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración.

No mesmo senso, o artigo 205.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, contemplaba a posibilidade de que as entidades do sector público se adhiran aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Comunidades Autónomas mediante a formalización do correspondente acordo.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, asinase co *Consello Consultivo de Galicia* o instrumento convencional arriba referido, a adhesión surtirá efectos desde entre o día seguinte á data da firma do presente convenio ata o 31 de agosto de 2019, data en que finaliza a vixencia do contrato centralizado de vixilancia e seguridade dos edificios





administrativos da Xunta de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo polo tempo que as partes estimen conveniente.

O convenio ten por obxecto o establecemento das bases e condicións mediante as que o *Consello Consultivo de Galicia* se incorpora ao contrato centralizado para o servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

4.- O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Consello da Xunta celebrado o 20 de febreiro de 2014, acordou a creación dunha comisión interdepartamental que, entre as súas funcións, asumiu elaborar a proposta deste catálogo único, que integre os de todos os órganos da administración xeral e do sector público autonómico.

O anexo II do acordo do Consello da Xunta, de 18 de setembro de 2014, sinala como prestación susceptible de contratación centralizada o servizo de vixilancia e seguridade e sinala como departamento encargado da contratación a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 205.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, contemplaba a posibilidade de que as entidades do sector público se adhiran aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Comunidades Autónomas mediante a formalización do correspondente acordo.

5.- O presente convenio carece de contido económico.

6.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, con independencia de que lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuña Barja

